

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 17.11.2017 Hora: 10:30

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

- 1.1 10954 (10/PNC-001144)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre a aprobación polo Goberno galego, antes do remate do ano 2017, do regulamento de desenvolvemento e do código de accesibilidade previstos na disposición final primeira da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017
- 1.2 10993 (10/PNC-001146)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha lei que regule e fomente as entidades sen ánimo de lucro denominadas "santuarios de animais", así como o traslado ao Parlamento de Galicia do anteproxecto de lei no primeiro trimestre de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017
- 1.3 13121 (10/PNC-001238)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que elabore, no prazo de tres meses, un proxecto de conservación, mantemento, limpeza, iluminación e ordenación da contorna da ponte medieval de Ponte Sampaio co obxecto de executar as obras ao longo do ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159, do 07.08.2017
- 1.4 15197 (10/PNC-001325)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 1.5 16470 (10/PNC-001390)



Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a axilización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a inclusión de Noia no Plan de transporte metropolitano de Galicia; en concreto, na área de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

- 1.6 17639 (10/PNC-001454)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 7 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para posibilitar no futuro a existencia das comunidades de usuarios de augas, coñecidas como traídas de augas, e a consideración da especificidade do territorio galego nas futuras normativas ao respecto, así como o impulso dun grupo de traballo para o establecemento de acordos que posibiliten a coexistencia dos modelos de abastecemento de carácter municipal e veciñal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 191, do 11.10.2017
- 1.7 18669 (10/PNC-001513)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis
Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia dunha liña prioritaria de actuacións de reforzos do firme das estradas de titularidade autonómica, de xeito que se manteñan nun estado axeitado para o tránsito e se favoreza a seguridade viaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017
- 1.8 19319 (10/PNC-001558)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o financiamento pola Xunta de Galicia dun estudo para investigar se as costas galegas son realmente un corredor de paso para as baleas azuis
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Jacobo Moreira Ferro

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 10954(10/PNC-001144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego, antes do remate do ano 2017, do regulamento de desenvolvemento e do código de accesibilidade previstos na disposición final primeira da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade

Publicación da iniciativa, 140, 05.07.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2017 17:01
Nº Rexistro: 10954
Data envío: 23/06/2017 17:01:27.529



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A vixente Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia se marca como obxectivo conseguir unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, evite a discriminación e favoreza a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, especialmente para as persoas que teñen discapacidades, nun marco demográfico tendente ao incremento da esperanza de vida e ao envellecemento da poboación; dispoñer dun marco normativo propio, simplificado e eficiente, en materia de accesibilidade, adecuado ás directrices internacionais e estatais, no exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia; e facer realidade o concepto de accesibilidade e deseño para todos e todas, nos procesos, proxectos, produtos e servizos, de modo que se facilite o uso universal, con plena seguridade, do medio físico, evitando gastos posteriores de eliminación de barreiras.

A consecución deste obxectivo dependía entre outras cousas da posta en marcha dunhas normas sobre accesibilidade.

Na lei se indica, na disposición final primeira, a necesidade de que a Xunta de Galicia, no prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei, aprobe o regulamento de desenrolo e o código de accesibilidade que contemple todas as normas técnicas aplicables na materia.

A realidade é que o prazo para a posta en marcha dese regulamento xa transcorreu, e non está na previsión para este ano a aprobación de dito regulamento.

En tanto non se aproba, segue sendo de aplicación o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o *Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia*, o cal con dezasete anos de andadura quedou totalmente desactualizada,



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

por detrás de moitas das normativas estatais que regulan a accesibilidade como é o código técnico da edificación, de obrigado cumprimento.

A consecuencia desta falta de actualización provoca serios problemas de inseguridade xurídica para moitos e moitas das emprendedoras e autónomas galegas, na posta en marcha de negocios en locais comerciais de menos de 100 metros cadrados, cun nivel de exixencia de accesibilidade practicable.

A interpretación deste decreto por parte de cada concello galego fai que existan serias desigualdades en toda Galicia de cara ós mínimos de accesibilidade precisos en cada caso.

A discapacidade non sabe de cidades, pobos ou vilas diferentes. A súa limitación física non muda cos sitios.

Os e as emprendedoras atópanse con normativas distintas segundo os distintos concellos. Son galegos e galegas que precisan de claridade para poder emprender sen atrancos diferentes segundo o sitio e o que é peor segundo as demoras que esta falta de regulación provoca en cada un deles.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que aprobe, antes de que finalice este ano, o regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e o código de accesibilidade que contemple todas as normas técnicas aplicables na materia.

Pazo do Parlamento, 21 de xuño de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/06/2017 16:55:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez na data 23/06/2017 16:55:49

Raúl Fernández Fernández na data 23/06/2017 16:55:54

Julio Torrado Quintela na data 23/06/2017 16:55:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/06/2017 16:56:03

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 10993(10/PNC-001146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha lei que regule e fomenta as entidades sen ánimo de lucro denominadas "santuarios de animais", así como o traslado ao Parlamento de Galicia do anteproxecto de lei no primeiro trimestre de 2018

Publicación da iniciativa, 140, 05.07.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á regulamentación por lei dos santuarios de animais e da promoción destas institucións.

Os Santuarios de Animais son aquelas organizacións constituídas sen ánimo de lucro nas que se alberga a animais que foron rescatados de explotacións gandeiras, e que na maioría dos casos foron “rexeitados” pola industria, abandonados ou decomisados polas autoridades a particulares por maltrato animal. A diferenza dos refuxios, no Santuario os animais son levados para que vivan e estean protexidos polo resto das súas vidas.

Facéndose eco das demandas de diversas asociacións, o BNG considera necesario crear un marco legal, con rango de lei, que regule de maneira específica estas institucións, que non teñen cabida na lexislación de protección animal por non seren refuxios de animais de compañía propiamente ditos. Tampouco se trata de explotacións gandeiras, dado que os animais que albergan non van pasar á cadea alimentaria. Trátase de entidades singulares caracterizadas polo ánimo altruista e solidario dos seus membros.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 10:56
Nº Rexistro: 10993
Data envío: 26/06/2017 10:56:11.568

Aínda que non existe unha normativa específica, en Galiza hai xa varias entidades que responden a estas características, o que xustifica a necesidade de elaborar e aprobar unha lei que as regule e que as fomenta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Elaborar unha lei dos santuarios de animais co obxecto de potenciar a creación destas entidades e regular o seu funcionamento.
2. Abrir un amplo proceso de participación social para a redacción do texto legal.
3. Trasladar o anteproxecto de lei ao parlamento no primeiro trimestre de 2018.”

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 10:56
Nº Rexistro: 10993
Data envío: 26/06/2017 10:56:11.568

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/06/2017 10:54:45

Noa Presas Bergantiños na data 26/06/2017 10:54:52

Olalla Rodil Fernández na data 26/06/2017 10:54:55

María Montserrat Prado Cores na data 26/06/2017 10:54:59

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/06/2017 10:55:01

Ana Pontón Mondelo na data 26/06/2017 10:55:04

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 13121(10/PNC-001238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que elabore, no prazo de tres meses, un proxecto de conservación, mantemento, limpeza, iluminación e ordenación da contorna da ponte medieval de Ponte Sampaio co obxecto de executar as obras ao longo do ano 2018

Publicación da iniciativa, 159, 07.08.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en comisión**, relativa ao estado da ponte medieval de Ponte Sampaio.

A ponte medieval de Ponte Sampaio é un ben cultural de grande valor histórico-artístico. Lugar de paso dos camiños históricos que unen o norte de Portugal con Compostela, foi escenario da famosa batalla da guerra contra os franceses e de moitos outros acontecementos ao longo dos tempos. Como outras moitas pontes, ten tamén asociado un rico patrimonio inmaterial.

Na actualidade, a ponte cumpre a función de infraestrutura de comunicación entre Ponte Sampaio e Arcade, tanto para peóns como para automóbiles. E diariamente é atravesada por un elevado número de peregrinos que percorren o Camiño Portugués a Compostela.

A ponte medieval e a súa contorna teñen diversas carencias que é preciso corrixir:

- Necesidade de traballos de conservación, mantemento e limpeza do conxunto, co obxecto de mellorar a súa imaxe.
- Alumeado anticuado e insuficiente, que sería preciso mellorar.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 10:54
Nº Rexistro: 13121
Data envío: 27/07/2017 10:54:32.952

- Proliferación de postes, paneis, placas e outro mobiliario urbano que distorsiona a harmonía do monumento.

- Estado de abandono do monumento conmemorativo do arranxo do camiño real entre Santiago e Ponte Sampaio, obra promovida polo arcebispo Malvar a comezos do século XIX.

- Necesidade de mellora da sinalización para previr os habituais accidentes de vehículos que danan os petrís.

A ponte forma parte do trazado da estrada PO-264, vial autonómico que atravesa os núcleos urbanos de Ponte Sampaio e Arcade, polo que a súa conservación e mantemento é competencia da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a elaborar, no prazo de tres meses, un proxecto de conservación, mantemento, limpeza, alumeado e ordenación da contorna da ponte medieval de Ponte Sampaio, co obxecto de executar as obras ao longo do ano 2018”.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 10:54
Nº Rexistro: 13121
Data envío: 27/07/2017 10:54:32.952

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2017 10:51:13

María Montserrat Prado Cores na data 27/07/2017 10:51:19

Ana Pontón Mondelo na data 27/07/2017 10:51:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/07/2017 10:51:24

Olalla Rodil Fernández na data 27/07/2017 10:51:27

Noa Presas Bergantiños na data 27/07/2017 10:51:29

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 15197(10/PNC-001325)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez adxudicados os contratos de transporte da primeira fase do Plan de Transporte Público de Galiza obsérvanse as primeiras disfuncións, aínda que as eivas provocadas pola falla de planificación, precipitación e na participación social na elaboración observáranse a medio prazo.

Un repaso ao sucedido nos derradeiros anos mostra que a Xunta de Galiza actuou a golpe de sentenza e con improvisación.

A sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo que anulaba 129 concesións de transporte público por estrada, provocou a necesidade da elaboración urxente dunha Lei de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte de Galiza.

A Sentencia considerou que a Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, incumpría o Regulamento 13/2007 que entrara en vigor anteriormente a dita resolución.

Nesta lei incluíase a elaboración dun novo Plan de Transporte de Galiza, instrumento mediante o cal se debería establecer a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da



Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na Comunidade Autónoma.

A Lei incluía obrigatoriedade da prestación de servizo transitoriamente e, de feito, o obxectivo da Lei xa se precisaba na súa exposición de motivos :

“Non obstante, logo de que o Tribunal Supremo anulase a ampliación dos prazos de vixencia daquelas concesións previsto naquela lei, deberanse programar os traballos de planificación do novo sistema de transporte público para a súa licitación consonte o previsto na normativa comunitaria, sen prexuízo de apostar polo mantemento das actuacións de modernización que faciliten ao sector de transporte público responder axeitadamente ás demandas do novo mapa de servizos.....Por outra parte, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos das concesións que establecera a Lei 5/2009, no terceiro artigo do texto articulado fíxanse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte público durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño de servizos, facilitando o mantemento de actuacións relevantes de modernización do sector previstas naquela lei”.

O dito Plan de Transporte debe estar aprobado no prazo de 21 meses desde a entrada en vigor de dita Lei 10/2016 (entrou en vigor o 23/07/2016), garantíndose que os novos contratos de transporte se produza dentro do período transitorio que establece o Regulamento 1370/2007.

Si non era suficiente coa Lei 10/2016, só cinco meses despois o Goberno presenta, na Lei de acompañamento, un conxunto de medidas que non só van directamente contra dos fundamentos e efectos xurídicos do fallo do TS senón



contra do Regulamento 1370/2007 e as súas directrices de interpretación do 2014.

1.- Art. 72.2. Previsión de novos servizos de transporte incluso antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia, pero, ollo, que “se planifiquen co obxectivo de garantir a continuidade na explotación de tráfico nos que concorran as circunstancias que prevé o artigo 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007, e cuxa explotación se prevea coas limitacións temporais que establece o dito precepto. Esta norma resultará de aplicación aínda cando o novo servizo supoña unha reordenación en profundidade dos servizos abandonados ou en risco de abandono, incluso coa introdución, supresión ou modificación substancial dos tráfico que neles se prevían, ou coa inclusión de novas modalidades de prestación dos servizos, como servizos baixo demanda ou servizos integrados.

Igualmente, a Administración poderá acordar o establecemento doutros servizos, nonprevistos expresamente no Plan de Transporte Público de Galicia, que resulten coherentes coa súa planificación xeral e que se propoña implantar cunha duración temporalmente limitada, ben para a satisfacción de demandas puntuais de transporte, ben para a validación de solucións de mobilidade innovadoras, ou para a experimentación, limitada no tempo ou no territorio, de alternativas non previstas inicialmente na planificación de transporte”.

É notoria a actuación incumpridora do Goberno galego nesta cuestión confirmada por sentenza, pero tamén o é que se está a facer atropelada e precipitadamente o que debeu de ser un traballo de planificación de anos co fin de dotar a Galiza dun servizo de transporte público integral e adaptado a un proxecto de país establecido.



Isto xa é historia e non ten volta atrás pero compre tomar nota para tratar de non repetir erros.

Só quedan 10 meses para que, segundo a Lei 10/2016 de medidas urxentes para a actualización do transporte de Galiza, teña que estar aprobado o novo Plan de Transporte de Galiza.

A elaboración do novo Plan debe de contar con máis participación da sociedade a través da diversidade de actores afectados e implicados, e debe de incardinarse nun proxecto de país.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego:

1) Acorda a constitución dunha Comisión especial de estudo, ao amparo do Artigo 50 do Regulamento, para a elaboración participativa dunha proposta de Plan de Transporte Público de Galiza, que estea ao tanto da evolución dos traballos de elaboración do Plan, con comparecencias de representantes de concellos, empresas do sector, asociacións sociais, e técnicos, e que finalmente aprobe un ditame antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza polo Consello da Xunta.

2) Insta á Xunta de Galicia a:

a) Constituír unha Mesa para o Diálogo do Transporte Público na que se inclúan cando menos representantes da Xunta de Galiza, dos sindicatos do sector, das empresas do sector, da FEGAMP, das Deputacións, das direccións de colexios e das ANPAS co obxectivo de servir como espazo de información e debate e participar na elaboración de dito Plan.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:46
Nº Rexistro: 15197
Data envío: 04/09/2017 12:46:44.640



b) Elaborar un informe coas principais incidencias da posta en marcha da primeira fase recentemente licitada do Plan de Transporte Público de Galiza.

c) Que remita, una vez elaborado, o Plan de Transporte Público de Galiza para que o Parlamento galego se pronuncie segundo o previsto no artigo 142 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/09/2017 12:41:53

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 16470(10/PNC-001390)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a axilización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a inclusión de Noia no Plan de transporte metropolitano de Galicia; en concreto, na área de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo e dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**

Exposición de motivos

A inclusión de Noia no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, en concreto na área de Santiago de Compostela, traería moitas melloras para todas as usuarias. Sería especialmente beneficioso para a mocidade, que se despraza de xeito moi habitual a estudar a Compostela e que ten que abonar na actualidade prezos abusivos.

A inclusión reduciría o prezo do billete drasticamente, abriríase a posibilidade de efectuar transbordos sen coste engadido, aumentaríase a frecuencia horaria e reduciríase de maneira importante o tempo da viaxe.

Esta reivindicación leva tempo facéndose, tamén dende o Propio Concello. En setembro de 2016 a Xunta de Galicia xa abría a porta a inclusión de Noia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, pero hoxe en día segue sen avanzarse neste tema.

Compre axilizar os trámites e proceder de xeito rápido á inclusión.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a axilizar os trámites para que se leve a cabo a inclusión de Noia no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, concretamente, na área de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2017 18:27:06

Marcos Cal Ogando na data 13/09/2017 18:27:16

Antón Sánchez García na data 13/09/2017 18:27:24

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 17639(10/PNC-001454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 7 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para posibilitar no futuro a existencia das comunidades de usuarios de augas, coñecidas como traídas de augas, e a consideración da especificidade do territorio galego nas futuras normativas ao respecto, así como o impulso dun grupo de traballo para o establecemento de acordos que posibiliten a coexistencia dos modelos de abastecemento de carácter municipal e veciñal

Publicación da iniciativa, 191, 11.10.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17639
Data envío: 27/09/2017 16:23:03.700

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Na nosa Comunidade Autónoma, as Comunidades de Usuarios son de grande importancia, xa que unha parte importante da poboación galega se autoabastece, ben a través delas ou ben de pozos particulares.

Estímase que Galicia ten máis de 30.000 núcleos de poboación dispersos polo territorio, onde habitan os seus 2.700.000 habitantes. Deles, 650.000 son usuarios de auga a través destas Comunidades.

As Comunidades de Usuarios, anteriormente coñecidas como traídas de augas, xurdiron en Galicia para paliar as carencias do servizo de abastecemento de auga no medio rural nos anos 60. Ante a dispersión dos núcleos e a dificultade por levar a auga a tódolos puntos do territorio, miles de usuarios víronse sen servizo nas súas casas. Por iso decidiron ir agrupándose en zonas para aproveitar as augas subterráneas das súas zonas e, eles mesmos, levar a cabo a construción da rede que serviría a tódalas vivendas de cada núcleo de poboación.

Os veciños fixeron unha moi importante inversión para construír as súas instalacións realizando un grande esforzo tanto persoal como económico.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17639
Data envío: 27/09/2017 16:23:03.700

Actualmente, na nosa Comunidade Autónoma, as Comunidades de Usuarios atópanse reguladas na Lei de Augas, aprobada polo Real decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo e nos seus regulamentos de desenvolvemento, Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, do Dominio Público Hidráulico, así como na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, con carácter de corporacións de dereito público adscritas ao organismo de conca, e que agrupan a todos os usuarios dos bens do dominio público hidráulico dunha mesma concesión ou toma ou en zonas contiguas.

Estes órganos reúnen aos usuarios que teñen dereitos sobre usos da auga na zona, e realizan as funcións de policía, distribución e administracións das augas cuxo uso teñen concedido pola Administración, e, a súa constitución permite, para aqueles usuarios que deciden integrarse, contar cun órgano de goberno que teña representación xurídica, que aúne os distintos esforzos, promova e coordine solucións, participe nos pactos e acordos a realizar e, en xeral defenda os intereses de todos e cada un dos usuarios. Neste senso, a propia Lei de Augas establece expresamente vías de colaboración con estes órganos e ofrece a posibilidade de poder celebrar convenios entre organismos de conca e Comunidades de Usuarios, reforzando a figura destas Comunidades.

Destacar tamén a existencia de asociacións que engloban Comunidades de Usuarios de moi diferentes tamaños e representan a un grande número de usuarios da auga, que buscan a boa xestión das traídas da auga e o asesoramento a estas comunidades para lograr o mantemento correcto das traídas e defender así este sistema de autoxestión.

A data de hoxe estas Comunidades de Usuarios, debido á regulación establecida na

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17639
Data envío: 27/09/2017 16:23:03.700

normativa estatal de augas, estanse encontrando con dificultades para renovar as súas concesións en determinados supostos, cando existe abastecemento desde instalacións municipais na mesma zona o que leva consigo prexuízos importantes para os veciños.

Por outra banda debese ter en conta que as competencias e responsabilidades fundamentais nesta materia da que tratamos as teñen as entidades locais , que teñen o dereito, a obriga e a capacidade efectiva para ordenar e xestionar una parte importante dos asuntos públicos, no marco da legalidade, baixo a súa responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.

A normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a citada lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (que fai referencia expresa e respecta esta lexislación básica e o principio de autonomía local), atribúe aos concellos, entre outras, competencias en materia de subministro de auga, alcantarillado e tratamento de augas residuais e regula tamén, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado.

Tamén a nivel local, de acordo co disposto no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, é onde teñen que executarse as decisións sobre o control da calidade da auga de consumo humano, así como a adopción de medidas ante os incumprimentos detectados, en virtude das competencias atribuídas aos entes locais na citada Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e seguindo, no seu caso, as indicacións da administración sanitaria autonómica competente e contando co seu asesoramento.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17639
Data envío: 27/09/2017 16:23:03.700

Os concellos teñen a responsabilidade de asegurar que a auga subministrada a través de calquera rede de distribución, cisterna ou depósito móbil, no seu ámbito territorial, sexa apta para o consumo no punto de entrega ao consumidor.

Neste senso os concellos galegos mostran a súa preocupación por concretar os aspectos relacionados co ámbito das Comunidades de Usuarios respecto da normativa de augas e en especial cos conflitos que poden derivar da competencia municipal de control de calidade das augas para subministro, e por atopar o xeito adecuado de cumprir coas súas responsabilidades.

Na nosa Comunidade debe existir unha vontade común de cara a fomentar a colaboración entre a administración da auga, as administracións locais e os administrados, para avanzar na consecución dos obxectivos ambientais que nos son comúns e na mellora da eficiencia e eficacia da prestación dos servizos esenciais que compartimos.

Para isto debemos traballar para conseguir acordos que faciliten a continuidade das Comunidades de Usuarios e a convivencia de modelos de abastecemento diversos sempre que haxa cumprimento da legalidade e unha xestión respectuosa con asunción de responsabilidades por todas as administracións e corporacións que permita garantir a sostibilidade ambiental e a protección do medio hídrico.

Por isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno do Estado o cambio do artigo 124.2 do Regulamento Dominio Público Hidráulico, para seguir permitindo a existencia das Comunidades de Usuarios.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17639
Data envío: 27/09/2017 16:23:03.700

2. Que nas vindeiras normativas que afecten as traídas ou os seus usuarios se terá en conta a especificidade do territorio galego neste sentido.
3. Impulsar a constitución dun grupo de traballo, xunto coa Fegamp e coas Comunidades de Usuarios, e representantes dos organismos con competencia territorial en Galicia, para o estudo da problemática asociada as traídas veciñais en relación coas competencias municipais, e para a negociación co obxecto de chegar a acordos que fagan posible a coexistencia ou convivencia dos modelos de abastecemento municipal e veciñal”.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/09/2017 16:20:20

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/09/2017 16:20:33

Gonzalo Trenor López na data 27/09/2017 16:20:44

Martín Fernández Prado na data 27/09/2017 16:20:54

Jaime Castiñeira Broz na data 27/09/2017 16:21:07

Jacobo Moreira Ferro na data 27/09/2017 16:21:17

Marta Novoa Iglesias na data 27/09/2017 16:21:31

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/09/2017 16:21:40

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/09/2017 16:21:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 18669(10/PNC-001513)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis

Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia dunha liña prioritaria de actuacións de reforzos do firme das estradas de titularidade autonómica, de xeito que se manteñan nun estado axeitado para o tránsito e se favoreza a seguridade viaria

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia é titular dun importante número de estradas que, non sendo titularidade do Estado ou doutros organismos, discorren polo territorio da Comunidade.

Un patrimonio viario que hai que conservar e preservar e que precisa dun importante esforzo investidor, toda vez que son miles os quilómetros de estradas galegas que precisan de conservación ordinaria para evitar o seu deterioro, pero tamén de actuacións extraordinarias de mellora dos seus elementos e da súa seguridade, e mesmo de actuacións puntuais que permitan a circulación en condicións óptimas.

Mais aló desas obras de carácter extraordinario e puntual, a conservación permanente das estradas non só permite que se atopen en bo estado para unha maior seguridade e mellor servizo aos usuarios, senón que, ademais, impide que se produza unha maior degradación das vías, que encarecería e dificultaría máis a súa reparación. Miles de quilómetros de estradas autonómicas que debe conservar a Xunta de Galicia, cun elevado custo anual.

O Plan de Reforzos de Firmes que se está a acometer, dá boa conta da importancia desas tarefas de conservación.

Nos anos 2016 e 2017 incrementouse sensiblemente o investimento en materia de reforzo de firmes, sumando 36 M€ licitados en obras que rehabilitan o firme de estradas autonómicas. Trátase dun labor fundamental para a seguridade viaria no que se está a incidir, e para a que se debe seguir mantendo o esforzo de modo permanente.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a manter unha liña prioritaria de actuación de reforzos de firme das estradas de titularidade autonómica, de modo que se manteñan nun estado axeitado para o tránsito e se favoreza a seguridade viaria”.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18669
Data envío: 11/10/2017 14:29:33.389

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/10/2017 14:24:21

María Julia Rodríguez Barreira na data 11/10/2017 14:24:39

Martín Fernández Prado na data 11/10/2017 14:24:59

Jaime Castiñeira Broz na data 11/10/2017 14:25:20

Jacobo Moreira Ferro na data 11/10/2017 14:25:54

Marta Novoa Iglesias na data 11/10/2017 14:26:12

Gonzalo Trenor López na data 11/10/2017 14:26:45

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 11/10/2017 14:26:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 19319(10/PNC-001558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o financiamento pola Xunta de Galicia dun estudo para investigar se as costas galegas son realmente un corredor de paso para as baleas azuis

Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2017 11:37
Nº Rexistro: 19319
Data envío: 24/10/2017 11:37:53.395



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Nestas últimas semanas, varios investigadores galegos de mamíferos mariños teñen avistado, como mínimo, dous exemplares de balea azul na zona de Corrubedo. E dicimos dous porque un terceiro exemplar fora visto en Muros tempo antes, pero as imaxes que se obtiveron son de mala calidade. Esta nova é moi importante, segundo a comunidade científica, pois en Europa continental e nas Illas Británicas só existen cinco exemplares catalogados de balea azul mentres que nas costas galegas, en menos dun mes, xa se teñen identificados dous diferentes.

As baleas azuis fan camiño no outono dende o Ártico ata zonas máis cálidas, pero o que pode que estea a ocorrer é que estean a pasar a diario fronte ás nosas rías e non o saibamos porque ninguén o ten investigado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a financiar un estudo en profundidade para pescudar si as costas de Galicia son realmente un corredor de paso para as baleas azuis.

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2017 11:37
Nº Rexistro: 19319
Data envío: 24/10/2017 11:37:53.395



 **Grupo Parlamentario**

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/10/2017 11:30:41

María Dolores Toja Suárez na data 24/10/2017 11:30:47

Raúl Fernández Fernández na data 24/10/2017 11:30:53

María Luisa Pierres López na data 24/10/2017 11:30:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/10/2017 11:31:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia